

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 06.09.2018

Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 6 de setembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Preguntas

- 1.1 32070 (10/POC-005052)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e Villares Naveira, Luis
Sobre os datos referidos ao desenvolvemento da primeira fase do proxecto de compra pública precomercial no ámbito dos drones
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319, do 13.06.2018
- 1.2 33215 (10/POC-005191)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar que Galicia siga sendo un dos territorios do Estado onde os carburantes teñen os prezos máis altos, a avaliación que fai da aplicación e dos resultados do Decreto 45/2015, do 26 de marzo, así como da política impositiva que está a levar a cabo en materia de hidrocarburos, e a súa valoración respecto das medidas anunciadas polo Goberno central referidas ao imposto especial sobre hidrocarburos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018
- 1.3 33272 (10/POC-005199)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia para procurar unha solución satisfactoria para o conflito xerado a consecuencia do anuncio dun expediente de regulación de emprego extintivo e o peche da empresa Motorkar na zona de Ferrolterra, Eume e Ortegá, a avaliación das súas consecuencias para a clientela e o persoal, así como o desenvolvemento dalgunha mediación ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018
- 1.4 33371 (10/POC-005209)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre a definición pola Xunta de Galicia dalgunha estratexia para o desenvolvemento da Axencia Galega da Industria Forestal, a súa opinión en relación coa atribución de todas as competencias da cadea forestal á

Consellería de Economía, Emprego e Industria e o establecemento dalgunha vía de coordinación entre esta e a Consellería do Medio Rural para a posta en marcha e optimización dos recursos desa axencia, así como as liñas básicas establecidas ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018

- 1.5 33510 (10/POC-005241)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre a actuación do Instituto de Consumo e Competencia no sistema de adquisición e financiamento de vehículos Opel realizado entre a concesionaria Motorkar Laraxe e Motorkar Ferrol e a financeira Cetelem, así como a posición dos consumidores no contrato de compravenda dos vehículos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 342, do 27.07.2018
- 1.6 33667 (10/POC-005275)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a situación na que se atopan os albergues para peregrinos ao longo do Camiño Francés e do Camiño Portugués
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 344, do 01.08.2018
- 1.7 33858 (10/POC-005320)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Domínguez, Sandra e 6 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co apoio á internacionalización do tecido empresarial
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 344, do 01.08.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 31/08/2018 9:46:38

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Luca Chao Pérez	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 32070(10/POC-005052)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e Villares Naveira, Luis

Sobre os datos referidos ao desenvolvemento da primeira fase do proxecto de compra pública precomercial no ámbito dos drones

Publicación da iniciativa, 319, 13.06.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal e Luís Villares Naveira, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na Comisión 6ª, relativa ao grao de avance do proxecto de compra pública precomercial no ámbito dos drones.

O proxecto Civil UAVS Initiative polo que a Xunta de Galicia pretende situar a Galicia como referente internacional no desenvolvemento de drones supón un dos maiores esforzos orzamentarios no ámbito do I+D+i.

A primeira fase de Compra Pública Precomercial supón o investimento de 40 M€ públicos achegados pola Xunta de Galicia e o compromiso por parte das empresas adjudicatarias (INDRA e Babcock) de investir 75 M€ adicionais.

Despois de 2 anos e medio de desenvolvemento desta primeira fase, o proxecto atópase á metade do seu prazo de execución que deberá finalizar en 2020.

Durante estes 2 anos e medio a Xunta de Galicia desenvolveu unha intensa campaña de titulares de prensa, moitos deles contraditorios e visitas protocolarias ao polígono de Rozas. Pero non nos foi posible ata agora obter datos concretos e solventes que demostren o avance real e contrastable do proxecto e a súa incidencia no desenvolvemento dunha industria aeronáutica en Galicia.

Por todo elo, En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral na Comisión 6ª:



- 1.- Que porcentaxe dos 40 M€ de achega pública foron executados nestes dous anos e medio?
- 2.- Que porcentaxe dos 75 M€ de achega privada foron executados nestes dous anos e medio?
- 3.- Afirmase nas comunicacións da Xunta de Galicia que xa hai 18 empresas e centros tecnolóxicos galegos involucrados nesta primeira fase do proxecto? Cales son?
- 4.- Cal é o volume económico total dos contratos asinados por INDRA e Babcock con estas 18 empresas e centros tecnolóxicos?
- 5.- Cal é o volume económico total dos contratos xa executados e pagos por INDRA e Babcock a estas 18 empresas e centros tecnolóxicos?
- 6.- Cal é o número de traballadores directos de INDRA e Babcock implicados no proxecto en Galicia, e en concreto no polígono de Rozas? En que categorías profesionais?
- 7.- Cal é o número de traballadores das empresas auxiliares implicados directamente no proxecto? En que categorías?
- 8.- Á vista do estado actual de desenvolvemento do proxecto despois de 2 anos e medio da súa primeira fase, está a Xunta de Galicia satisfeita da implicación, grao de integración de empresas galegas e desenvolvemento xeral do proxecto por parte dos contratistas principais INDRA e Babcock?



Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 07/06/2018 18:18:59

Luis Villares Naveira na data 07/06/2018 18:19:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 18:20
Nº Rexistro: 32070
Data envío: 07/06/2018 18:20:05.217

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 33215(10/POC-005191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar que Galicia siga sendo un dos territorios do Estado onde os carburantes teñen os prezos máis altos, a avaliación que fai da aplicación e dos resultados do Decreto 45/2015, do 26 de marzo, así como da política impositiva que está a levar a cabo en materia de hidrocarburos, e a súa valoración respecto das medidas anunciadas polo Goberno central referidas ao imposto especial sobre hidrocarburos

Publicación da iniciativa, 338, 19.07.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 11:12
Nº Rexistro: 33215
Data envío: 06/07/2018 11:12:21.183

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á suba dos impostos dos carburantes.

O alto prezo dos carburantes está a supoñer unha forte dificultade nas economías familiares e empresariais. Porén, segundo sinalan diversas fontes xornalísticas, o goberno do estado está a barallar levar a cabo dúas reformas no Imposto Especial de Hidrocarburos que agravarían esta situación.

Dunha banda, anunciouse que o goberno estuda a “harmonización” do tramo autonómico do imposto sobre hidrocarburos para todas as CCAA, de xeito que se aplicaría en todas o tipo impositivo máximo de 0,48 céntimos o litro, tanto de gasóleo como de gasolina. Este é o que tipo é o que xa se aplica nestes intres en Galiza após a suba de tipos impositivos levada a cabo polo goberno de Feijóo no ano 2013. Na práctica, trátase dunha clara invasión competencial que supón a centralización total do imposto, furtando ás CCAA a posibilidade de modular o tipo en función dos seus intereses ou necesidades.

A outra medida que baralla o Goberno español é a de subir o imposto sobre o gasóleo para igualalo ao da gasolina. Na actualidade o imposto especial sobre as gasolinas é de 40,25 céntimos de euro por litro mentres que o do gasóleo, duns 30,7 céntimos. Xa que logo, o litro de gasóleo custaría practicamente 10 céntimos máis de

levarse a cabo esta reforma, o que suporía que encher o depósito dun vehículo con motor diésel incrementárase en máis de cinco euros.

Estas medidas terían un impacto especialmente negativo en Galiza, onde os prezos dos carburantes son os máis caros do estado peninsular, mesmo contando cunha refinería na cidade da Coruña, o que debería ter o efecto de abaratar o seu custo. Trátase dun exemplo evidente da irracionalidade e inxustiza dun modelo que debe ser transformado.

No último informe mensual dispoñíbel publicado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica (anteriormente o de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital), que achega datos de maio do 2018, amósanos como o prezo do gasóleo galego é o máis alto do estado peninsular, cun prezo de 126,1 euros o litro, e as catro provincias galegas son tamén as catro provincias peninsulares cos prezos máis caros. O prezo da gasolina é o máis caro entre as comunidades peninsulares, neste caso xunto a Asturias, cun prezo de 134,1 euros o litro.

De feito, hai escasos días anunciouse que a propia Comisión Nacional para os Mercados e Competencia ultima a elaboración das conclusións coas que deberá dilucidar por que os usuarios galegos pagamos o gasóleo e a gasolina máis caras da estado, a pesares de que xa foi instado a facelo hai varios anos.

Xa que logo, sendo conscientes das graves repercusións que terían as medidas anunciadas polo goberno, cremos necesario posicionarnos de xeito que non se leven a cabo e consideramos imprescindible que a Xunta de Galiza adopte tamén medidas no inmediato que alivien a dificultade que supón para o tecido social e económico o alto prezo destes carburantes.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 11:12
Nº Rexistro: 33215
Data envío: 06/07/2018 11:12:21.183

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para impedir que Galiza siga sendo un dos territorios do Estado no que os carburantes teñen os prezos máis altos?

-Que avaliación realiza a Xunta de Galiza da aplicación e resultados do Decreto 45/2015, do 26 de marzo?

-Como avalía o goberno galego que Galiza sexa das comunidades do Estado con maior concentración dentro dun Estado cos maiores prezos dos carburantes antes de impostos de toda a UE?

-Considera a Xunta de Galiza que as competencias e capacidade decisoria na materia son suficientes?

-Como avalía a Xunta de Galiza a súa política impositiva canto a carburantes?

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza das medidas anunciadas polo Goberno de do Estado en relación ao Imposto Especial sobre Hidrocarburos?

-Considera a Xunta de Galiza que existe invasión competencial na posíbel centralización do tramo autonómico do Imposto Especial sobre Hidrocarburos?

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 11:12
Nº Rexistro: 33215

Data envío: 06/07/2018 11:12:21.183

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/07/2018 11:00:04

María Montserrat Prado Cores na data 06/07/2018 11:00:10

Ana Pontón Mondelo na data 06/07/2018 11:00:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/07/2018 11:00:13

Olalla Rodil Fernández na data 06/07/2018 11:00:15

Xosé Luis Bará Torres na data 06/07/2018 11:00:16

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 33272(10/POC-005199)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia para procurar unha solución satisfactoria para o conflito xerado a consecuencia do anuncio dun expediente de regulación de emprego extintivo e o peche da empresa Motorkar na zona de Ferrolterra, Eume e Ortegál, a avaliación das súas consecuencias para a clientela e o persoal, así como o desenvolvemento dalgunha mediación ao respecto

Publicación da iniciativa, 338, 19.07.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 16:30
Nº Rexistro: 33272
Data envío: 09/07/2018 14:01:36.809

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á situación da empresa Motorkar na zona de Ferrolterra, Eume e Ortegal ante o anuncio do seu ERE extintivo e peche e ás actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza.

O pasado día 26 de xuño coñeceuse publicamente a intención da compañía Motorkar, concesionario oficial de Opel para a zona de Ferrolterra, Eume e Ortegal, con instalacións nos concellos de Cabanas e Ferrol, de cesar a súa actividade e presentar un concurso de acredores.

O peche de Motorkar, ademais de continuar unha preocupante tendencia no sector no noso concello e na comarca de Ferrolterra, que sofre unha crise continuada, pon de relevo o dano creado por unha xestión empresarial que non se pode cualificar doutro modo que como temeraria, e que deixa un ronsel de afectadas:

Por unha banda, as 22 persoas traballadoras da empresa, que levan varios meses sen cobrar e que agora serán o obxecto dun Expediente de Regulación de Emprego extintivo que suporá o seu despedimento. Doutra, as máis de 40 clientas do concesionario que adiantaron ou comezaron a realizar os pagos de automóviles polos que nalgúns casos chegaron a depositar até 28.000 euros e que agora Motorkar négase a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 16:30
Nº Rexistro: 33272
Data envío: 09/07/2018 14:01:36.809

entregar, a pesar de, nalgúns casos, os ter xa no seu poder, pois non ten fondos para os matricular.

Por último, toda a clientela das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegá, que agora terán o servizo oficial máis próximo en Betanzos, tendo que realizar desprazamentos moito maiores do que até o de agora.

As dificultades económicas da empresa eran coñecidas polos seus xestores desde hai máis dun ano, o período que Motorkar leva dilatando a matriculación dos automóviles das persoas que levan máis tempo sendo afectadas, e mentres tanto non fixo nada por evitalo, senón que continuou a súa actividade deixando de pagar aos traballadores e aumentando número de persoas afectadas ao vender automóviles sabendo que nunca os podería entregar.

Por último, cabe destacar o papel da Opel e da súa financeira Cetelem, que non se corresponsabilizan do ocorrido e que poderían retirar os automóviles das persoas afectadas das instalacións de Motorkar para cobrar os créditos pendentes destas.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Que actuacións levou a cabo, ou vai levar, o goberno galego na procura dunha solución satisfactoria para o conflito de Motorkar?

-Ten avaliado a Xunta de Galiza as consecuencias para a clientela?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 16:30
Nº Rexistro: 33272
Data envío: 09/07/2018 14:01:36.809

-Ten avaliado a Xunta de Galiza as consecuencias para os traballadores e traballadoras? Ten mediado o goberno galego? A través de que mecanismos e en que datas?

-Que actuacións ten levado a cabo o Instituto Galego de Consumo por iniciativa propia?

-Considera a Xunta de Galiza que están garantidos os dereitos en materia de consumo para a clientela?

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/07/2018 14:00:25



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 16:30
Nº Rexistro: 33272
Data envío: 09/07/2018 14:01:36.809

María Montserrat Prado Cores na data 09/07/2018 14:00:30

Ana Pontón Mondelo na data 09/07/2018 14:00:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/07/2018 14:00:33

Olalla Rodil Fernández na data 09/07/2018 14:00:35

Xosé Luis Bará Torres na data 09/07/2018 14:00:36

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 33371(10/POC-005209)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a definición pola Xunta de Galicia dalgunha estratexia para o desenvolvemento da Axencia Galega da Industria Forestal, a súa opinión en relación coa atribución de todas as competencias da cadea forestal á Consellería de Economía, Emprego e Industria e o establecemento dalgunha vía de coordinación entre esta e a Consellería do Medio Rural para a posta en marcha e optimización dos recursos desa axencia, así como as liñas básicas establecidas ao respecto

Publicación da iniciativa, 338, 19.07.2018



Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Na tramitación da Lei de orzamentos de 2017, o Goberno de Partido Popular, fiel os seus costumes, incluíu unha Lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación. Unha estratexia xa coñecida que permite minimizar o debate parlamentario.

Nesta Lei de acompañamento créase a Axencia Galega da Industria Forestal, adscrita á consellaría competente en materia de economía e vendida aos medios de comunicación como unha decisión do presidente Feijoo tras escoitar ao sector, que lle propuña a necesidade de separar o forestal produtivo e industrial, dos problemas organizativos do monte.

Xa no seu momento, sinalamos que esta creación presentaba un enfoque cara unha explotación exclusivamente economicista e produtivista do monte, que non priorizaba e garantía de forma contundente a sostibilidade medioambiental do medio rural; ademais de poñer en cuestión a imprescindible coordinación dos centros de investigación en materia forestal existentes na nosa comunidade autónoma. E mesmo a propia coordinación entre as dúas consellerías afectadas en termos funcionais.

Aínda que se pretendía, en palabras da propia Xunta de Galicia, que a axencia estivera en marcha no verao de 2017, o orzamento para ese ano era moi escaso, e si ben é certo que se incrementou no ano 2018, unha vez pasada a metade do ano, observamos que as accións da Axencia brillan pola súa ausencia.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten definida xa a Xunta de Galicia unha estratexia clara de desenvolvemento da Axencia Galega da Industria Forestal?
2. Considera a Xunta de Galicia acertado situar as competencias completas da cadea forestal na concellería de Economía e Industria, aínda que non estea aliñado coas disposicións da UE, onde o forestal enténdense como una parte ligada ao desenvolvemento rural?
3. Tense establecido algunha vía de coordinación entre a Consellería de Economía, Traballo e Industria e a Consellería de Medio rural de cara a posta en marcha e optimización dos recursos desta axencia?
4. Están xa definidas as liñas básicas de adscrición en canto as competencias e ámbitos de actuación?
5. Existen xa unhas liñas básicas no proceso de reorganización e adscrición dos centros de investigación?
6. Cales serán as liñas básicas de actuación desta axencia para o que resta do ano 2018?
7. Vai a desenvolver plans de investigación e de apoio financeiro aos diferentes sectores?
8. Estes plans de investigación e apoio financeiro serán elaborados xuntamente cos axentes económicos e sociais dos sectores implicados?
9. Participarán na elaboración dos mesmos o IGAPE, a GAIN a través do Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira de Galicia (CIS-Madeira) e o INEGA?

Pazo do Parlamento, 11 de xullo de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33371
Data envío: 11/07/2018 19:22:03.867



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Fermín Losada Álvarez na data 11/07/2018 19:21:11

Jóse Manuel Pérez Seco na data 11/07/2018 19:21:17

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 33510(10/POC-005241)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a actuación do Instituto de Consumo e Competencia no sistema de adquisición e financiamento de vehículos Opel realizado entre a concesionaria Motorkar Laraxe e Motorkar Ferrol e a financeira Cetelem, así como a posición dos consumidores no contrato de compravenda dos vehículos

Publicación da iniciativa, 342, 27.07.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Vázquez Verao, Magdalena Barahona Martín, Manuel Lago Peñas, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Paula Quinteiro Araujo, Luca Chao Pérez, Julia Torregrosa Sañudo e Marcos Cal Ogando, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

A principios do mes de xullo decenas de cidadáns e cidadás da zona de Ferrolterra descubriron que o diñeiro entregado á entidade Motorkar para a adquisición de vehículos, nomeadamente da marca Opel, realmente non fora destinado a este fin, o que deu lugar a unha situación de impago á financeira Cetelem que esta agora pretende saldar coa execución da garantía de prenda sen desprazamento establecida sobre os vehículos.

Motorkar é unha empresa concesionaria de vehículos de varias marcas, pero visibilizada na súa sinalética e nos documentos de pedido como franquiciado da fabricante Opel.

Esta empresa tiña establecidos acordos de financiamento coa entidade crediticia CETELEM, polos que esta financiaba a adquisición de vehículos ás casas fabricantes para a súa posta a disposición no concesionario, que pagaba coas cantidades entregadas en pago polos consumidores finais.



A ausencia de control sobre o fluxo monetario entregado polos/as clientes -os consumidores finais do produto-, e sobre o feito de que o diñeiro entregado non fose destinado ao fin para o que era entregado, sen que saibamos a día de hoxe aínda para que fin foi destinado, coloca á parte feble dos contratos de compravenda, con ou sen financiamento da adquisición, nunha situación de absoluta indefensión.

A situación creada pola falta de entrega do diñeiro pagado para a adquisición do vehículo constitúe ao noso entender un ilícito civil en todo caso –e tal vez unha estafa penal- , pois se entregaron unhas cantidades facendo crer que se aplicaban para mercar un vehículo, algo diferente do que finalmente sucedeu. É dicir, estamos ante un engano por parte de Motorkar aos/ás clientes, nunha verdadeira estafa comercial.

A día de hoxe, moitos adquirentes de vehículos, cidadáns particulares –consumidores, non profesionais- viron como logo de entregar os cartos non reciben os vehículos, ou como se inicia o proceso de execución da garantía sobre eles que os levará a ser desposuídos dun ben que eles adquiriron de boa fe e que pagaron.

Neste contexto, o **Instituto de Consumo e Competencia (IGCC)**, dependente da Xunta de Galicia, debe exercer plenamente as súas competencias en materia control da legalidade nas relacións contractuais en que unha das partes é consumidora, e no seu caso as funcións de inspección e sanción.

En consideración ao anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:



1. Está o IGCC actuando para verificar a legalidade do sistema de adquisición e financiamento dos vehículos Opel realizado entre a concesionaria Motorkar Laraxe e Motorkar Ferrol e a financeira Cetelem, e a posición dos consumidores no contrato de compravenda dos vehículos?
2. En que momento do expediente informativo, se é que está habendo actuacións, está o IGCC?
3. Está aberto algún expediente sancionador por esta causa contra Opel España, contra Motorkar Laraxe, Motorkar Ferrol ou Cetelem?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 17/07/2018 10:17:16

Paula Vázquez Verao na data 17/07/2018 10:17:23

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/07/2018 10:17:26

Carmen Santos Queiruga na data 17/07/2018 10:17:29

Antón Sánchez García na data 17/07/2018 10:17:32

Eva Solla Fernández na data 17/07/2018 10:17:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2018 10:24
Nº Rexistro: 33510
Data envío: 17/07/2018 10:24:58.108



Luca Chao Pérez na data 17/07/2018 10:17:37

Paula Quinteiro Araújo na data 17/07/2018 10:17:40

Magdalena Barahona Martín na data 17/07/2018 10:17:43

José Manuel Lago Peñas na data 17/07/2018 10:17:46

Francisco Casal Vidal na data 17/07/2018 10:17:48

David Rodríguez Estévez na data 17/07/2018 10:17:51

Marcos Cal Ogando na data 17/07/2018 10:17:54

Julia Torregrosa Sañudo na data 17/07/2018 10:17:57

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 33667(10/POC-005275)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a situación na que se atopan os albergues para peregrinos ao longo do Camiño Francés e do Camiño Portugués

Publicación da iniciativa, 344, 01.08.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os albergues actuais nacen coa revitalización do Camiño no derradeiro terzo do século XX, e supoñen o soporte fundamental para que os distintos camiños teñan a infraestrutura básica que permite a súa viabilidade de tal xeito que, a día de hoxe, non se entende ningún dos camiños sen o fenómeno da existencia de albergues.

Este modelo de aloxamento cun custo baixo e cun plus de convivencia multicultural e vital, supón un modelo de aloxamento totalmente axeitado á actividade de percorrer os camiños a Santiago de tal xeito que a día de hoxe non se pode entender ningún dos camiños a Compostela que non dispoña de albergues.

No Camiño de Santiago sempre se fala da hospitalidade xacobeá, que se refire á amabilidade das xentes do Camiño para axudar aos peregrinos e darlles acubillo en momentos de necesidade. Pero isto non significa que ninguén teña a obriga de aloxar de maneira gratuíta aos peregrinos, nin que podamos percorrer o Camiño de Santiago "de gratis".

En diferentes ocasións, nas que a afluencia de peregrinos é masiva e os albergues están sen prazas, algúns concellos habilitan polideportivos para que os peregrinos que se quedaron sen sitio teñan un lugar no que durmir.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedora a Xunta de Galicia de que algúns concellos están a abrir pavillóns polideportivos, colexios e edificios multiusos ao longo do Camiño Francés e do Camiño Portugués para aloxar ás persoas peregrinas que non atopan aloxamento en albergues, se for o caso, en que concellos??



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33667
Data envío: 20/07/2018 16:08:45.813



Grupo Parlamentario

2ª) Coñece o Goberno galego en que datas se abriron os pavillóns polideportivos, colexios e edificios multiusos ao longo do Camiño Francés e Camiño Portugués?

3ª) Cal foi, o número de grupos, e o número de persoas que formaban estes grupos, que se aloxaron en pavillóns polideportivos, colexios e edificios multiusos ao longo do Camiño Francés e Camiño Portugués?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4ª) Que situación se debe dar nos concellos por onde pasan as distintas rutas do Camiño de Santiago para que pavillóns polideportivos, colexios e edificios multiusos abran as súas portas aos peregrinos?

5ª) Tramitou a Xunta de Galicia algunha sanción económica a algún concello por ter aberto os pavillóns polideportivos, colexios e edificios multiusos, de ser o caso, cal foi o motivo das sancións?

Pazo do Parlamento, 20 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 20/07/2018 16:05:39

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/07/2018 16:05:49

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 33858(10/POC-005320)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 6 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co apoio á internacionalización do tecido empresarial

Publicación iniciativa vía urxencia, 344, 01.08.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33858
Data envío: 27/07/2018 14:06:55.635

Á Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias e Cristina Romero Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo polo trámite de urxencia**.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes neste tema.

Entre a necesidade e o verdadeiro convencemento, cada vez hai máis empresas que perderon o medo a saír o estranxeiro. As empresas internacionalizadas son máis competitivas, teñen uns índices de produtividade máis elevados e obteñen un volume de negocio un 50% superior as que non o fan. Todo isto xera máis e mellor ocupación, polo que crea máis emprego, de maior cualificación e mellor retribuído.

En consonancia coa aposta que se fixo dende 2009 por fomentar esta orientación do tecido empresarial galego cara o exterior, no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia gañou as eleccións de 2016 facíase a consideración de que *“Na próxima lexislatura continuaremos co fortalecemento do tecido empresarial galego mediante a consolidación da súa internacionalización, porque o incremento da proxección internacional das empresas galegas, xunto coa captación de investimentos estranxeiros, resulta fundamental para o crecemento da economía na súa vertente de comercialización e de formación bruta de capital”*.

Concretamente comprometéase *“Continuar co desenvolvemento da Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020. A Xunta de Galicia seguirá a impulsar servizos e instrumentos de apoio á internacionalización das empresas galegas”*.

En coherencia co noso programa, seguimos considerando que a internacionalización é unha vía irrenunciable para mellorar a competitividade das empresas galegas e recuperar o crecemento económico. O IGAPE apoia as iniciativas de internacionalización das empresas galegas con un amplo abanico de servizos e axudas financeiras tanto en orixe como en destino.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33858
Data envío: 27/07/2018 14:06:55.635

Polo exposto anteriormente, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan as seguintes preguntas en Comisión:

1. Que instrumentos está a desenvolver o Goberno para apoiar a internacionalización do tecido empresarial?
2. Como avalía a Xunta a evolución das exportacións das empresas galegas?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 27/07/2018 14:00:40

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 14:00:59

Maria Antón Vilasánchez na data 27/07/2018 14:01:12

Moisés Blanco Paradelo na data 27/07/2018 14:01:25

Moisés Rodríguez Pérez na data 27/07/2018 14:01:33

Marta Novoa Iglesias na data 27/07/2018 14:01:46

Cristina Isabel Romero Fernández na data 27/07/2018 14:01:58

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com